


## PEZA DO MES

outubro

2006



**ARA A CIBELES**  
**XINZO DE LIMIA**



RECONSTRUCCIÓN DO TAUROBOLIO DE PRUDENCIO, SEGUNDO K.H.E. DE JONG, OOSTERS-HELLENISTISCHE MYSTERIËN, LA HAYA, 1949, P. 86.

## ARA A CIBELES

Un novo achado para a reconstrucción histórica do Xinzo romano, ten lugar no ano 2000, na traseira da casa nº 20 da rúa Dous de Maio. Trátase dunha ara romana votiva, dedicada a *Magna Mater* –Cibeles–, que estaba servindo de bebedeiro para as pitas nun galiñeiro do referido solar, e que, segundo nos informa o seu descubridor, D. Arturo Villarino Fariñas, atopouna realizando traballos agrícolas no mesmo predio, denominado dos “Barreiros” ingresando posteriormente no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense. No texto pódese ler o seguinte:

### MATRI/DEVM/IVNIA/AVITA/EX VOTO.

Realizada en granito fino de boa calidade, presenta acroterios laterais ben desenvolvidos, con frontóns triangulares e *foculus* circular en relevo.

Supón unha nova manifestación dos cultos orientais nesta zona que engadir á de Chaves, tamén dedicada a Cibeles, á descuberta polas mesmas datas en Verín, no leito do Támea, e que permanece inédita, e a tamén ara de Chaves, dedicada a Isis. Un caso aparte o representa a aparecida na igrexa de Albarellos de Monterrei, dedicada por Emilia

Flaviana, hoxe desaparecida. Para algúns constitúe unha dedicación clara a Cibeles, mentres que para outros trátase dunha dedicación a Xuno, seguindo unha rixida interpretación da relixiosidade tradicional romana, dado o uso pouco frecuente que se fai de Xuno.

Parece claro que Cibeles ou *Magna Mater*, deusa fría, é a mellor representada das divindades orientais na Hispania romana, tanto en cuanto a material epigráfico se refire como arqueolóxico. A difusión dos cultos orientais cara o occidente do imperio, que comeza a partir de Calígula, e que recibirán un gran empuje en época Falvia, culminará en época dos Antoninos. Non debemos de esquecer que foi Antonino Pio o que recoñeceu o rito do taurobolio con carácter público, o que ocasiona a creación do archigallato como sacerdocio específico.

Os cultos orientais, entre os que se atopa o de Cibeles, aportaban aos seus fieis unhas perspectivas vitais que lles permitían superar as limitacións da súa eventual condición, podendo escapar ao destino preestablecido.

Debido á deficiente datación que presenta o material epigráfico, non resulta doado estudar a extensión temporal do culto a Cibeles na Península Ibérica. Posiblemente, a máis antiga das referencias das que temos noticia procede de Olisipo, feita por datación consular no ano 108 d. C. A maioría das que temos cronoloxía precisa, encádranse na segunda metade do século II e primeira do III. De Córdoba proceden dous epígrafes; un, no que se fai referencia ó rito do taurobolio é do ano 234, e o outro, no que aparece reflectido o taurobolio e criabolio, do 238. Así mesmo entre as poucas testemuñas arqueolóxicos que coñecemos, destaca unha representación desta divindade flanqueada por dous leóns, procedente dunha vila romana preto de Reus (Tarragona), tamén cunha cronoloxía de mediados do século II. Esta datación é coincidente con moitos dos achados realizados no casco urbano de Xinzo.

Polo que respecta á distribución xeográfica de testemuñas epigráficas do culto a *Magna Mater* na Península Ibérica, aparece restrinxido a áreas moi concretas, fenómeno que non é habitual noutras provincias do Imperio. Concentrándose na metade occidental, dispersión que ven confirmada por esta nova peza. A provincia que máis restos conserva é a Lusitania, seguida da Tarraconense e, finalmente a Bética.

Algúns autores quixeron ver nesta proliferación de documentos metrúacos da Lusitania a asimilación de Cibeles cos valores da deusa indíxena Ataecina.

Tamén se alegou, para xustificar este fenómeno, a presenza de escravos de orixe oriental traballando nas minas do noroeste, o comercio de cidades importantes, como *Olisipo* e *Emérita*, co Mediterráneo oriental, así como a instalación, neste territorio, de soldados licenciados que prestaron o seu servizo no exército desprazado á zona.

Na Tarraconense, tódolos achados se sitúan no ángulo norte e noroeste, quedando practicamente baleira a zona oriental costeira.

Non resulta doado buscarlle unha explicación convincente á escaseza de referencias a este culto na Bética. Para Bendala responde a un fenómeno de sincretismo entre *Dea Caelestis*, versión romanizada da deusa cartaxinesa Tanit, e Cibeles.

Outro aspecto importante, en relación co establecemento do culto de Cibeles na Península, é a súa vinculación cos núcleos urbanos, nos que as forma de vida e hábitos romanos penetrarían máis doadamente e en maior profundidade. Parece ser que este culto manifesta un forte carácter urbano. Na Lusitania abunda en núcleos de status xurídico privilexiado, predominando en lugares próximos á Vía da Prata. De ser así, a expansión urbana do culto a Cibeles, no contexto da arqueoloxía en Xinzo de Limia, pódese considerar como un indicio máis para situar a *Civitas Limicorum* na capital do actual concello de Xinzo, en detrimento doutro xacemento como pode ser Nocelo da Pena.

Para coñecer a orixe e posición social da dedicante desta ara de Xinzo, soamente contamos coa súa onomástica, *Iunia Avita*. É de supor que se trataría dunha liberta hispano-romana, como indica a presenza do seu *nome* e *cognome*, habitual nas mulleres libres. Ámbolos dous son moi correntes na onomástica hispanorromana, sobre todo do sur da Península. As súas formas masculinas, *Iunius* e *Avitus*, aínda máis abundantes.

Ó contrario do que ocorre con outro culto místico como é o de Mitra, no que non participan mulleres, é cotián atopalas no de Cibeles, ocupando incluso postos destacados no rito Tal é o caso de Coelia Ianuaria e Porcia, aparecidas ambas inscricións en Córdoba; ou Flavia Tyche, liberta de posible orixe grego, documentada nunha inscrición de Lisboa, que dentro do rito realizaba a función de *cernophora*, función que consistía en levar a bandexa ritual ou *kernos*. Estudos recentes sitúan a participación das mulleres no culto a Cibeles nun 23%, fronte a un 77% de homes. Esta porcentaxe, que en principio pode parecer baixa, non o é tanto, si se analiza no global de dedicantes a outras divindades, tanto



DETALLE DO FOCUS DA ARA A CIBELES.

romanas como indíxenas. Desgraciadamente, os rastros documentais que deixaron as mulleres ó longo da historia, por razóns de índole variado, é moi pobre. Parece evidente que a estrutura social, con tódalas connotacións socioeconómicas que implica, posibilita a manifestación pública dos sentimentos relixiosos dos homes máis doadamente que os das mulleres. De feito, existen determinados tipo de cultos, como xa vimos no de Mitra, no que soamente participan homes, mentres que non existen cultos nos que participen exclusivamente mulleres. O culto que máis se aproxima é o de Isis, que na documentación ata agora coñecida representa un 62% de mulleres fronte a un 38% de homes.

No que respecta ao grupo social da dedicante, a súa condición social de liberta sitúa no grupo máis numeroso de devotos da deusa Cibeles. A prohibición de levar a cabo ritos fríxios, que nun principio recaía soamente sobre os cidadáns romanos, debeu posibilitar que outras capas máis baixas da orde social puideran acceder a formar parte destes colexios de cultos orientais, incluso, como acabamos de ver, desempeñando cargos sacerdotais.



O XARDÍN E O EDIFICIO ANTES DA REFORMA DE 1960



PATIO DIANTEIRO TRALA REFORMA DE 1960



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR

## HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolas testemuñas do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ao público o ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións creceron considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar aos primeiros traslados, que por sucesivas desgrazas non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

## O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ao que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

## HORARIO DO MUSEO

Exposición ao público temporalmente pechada, por obras de reforma e acondicionamento.

Ubicación provisional dos servizos en rúa Xilgaros s/n.  
32002- Ourense

Visite a nosa páxina.

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/museos/mapour>

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico.

TEXTO: Xulio Rodríguez González

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal:VG-97-2004

Museo Arqueolóxico 



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE

## RESTAURACIÓN DA ARA A CIBELES.


**Beatriz Viñas Vázquez**  
restauradora de material arqueolóxico

Á súa chegada ó laboratorio de restauración a peza atopábase nun estado de conservación aceptable a pesar de presentarse incompleta e con perda puntual da superficie orixinal. A boa resistencia física do material constituínte favoreceu que, logo do período de enterramento, de ser descuberta e quedar á intemperie, de facer de bebedoiro para pitas e finalmente ingresar a formar parte da colección do museo, chegase ata nós mantendo o 90% das súas características.

O primeiro paso que se deu no laboratorio foi diagnosticar as alteracións que presentaba mediante un exame visual apoiado con lámpada de aumento (275% de aumento) que permitise seleccionar os tratamentos necesarios e máis axeitados.

Toda a superficie amosaba unha lixeira capa de sucidade, basicamente acumulación de po e terra que na zona da base adquiría maior grosor. De forma puntual, observábanse restos de pintura, na parte inferior da cara posterior, e de cemento na superior, preto do *foculus*. Estes depósitos mesturábanse con restos de variada actividade biolóxica: algas, líques, musgo e excrementos de aves. Os líques aparecían con maior incidencia na parte superior das caras decoradas (inscrición e *foculus*) e no lateral esquerdo, mentres que as algas, activas, eran facilmente apreciábeis pola súa coloración verde intensa no lateral dereito. O musgo amosábase no terzo superior da ara, alí onde a irregularidade da superficie permitiu a acumulación de substrato para o seu asentamento. Os depósitos calcarios, restos de excrementos de aves, aparecían de forma puntual no terzo inferior (laterais) e na parte superior.


Tamén espalladas por toda a superficie detectáronse diferentes manchas que poden estar relacionadas con produtos metabólicos da actividade biolóxica, procesos de asimilación de elementos minerais do medio,



MAPA DE DETERIOROS PRESENTES NA ARA

O material presentaba unha boa cohesión xeral. A falla de materia e superficie orixinal cinguíase ós bordos superiores e inferiores da peza destacando a perda recente dun dos frontóns triangulares e, na cara posterior, catro marcas lonxitudinais que poderían estar relacionadas con procesos mecánicos antrópicos que, nalgúns puntos, mostraban restos e manchas de óxidos xunto con minerais machucados.

etc. A cara posterior presentaba manchas vermellas e unha coloración parda-marela que se estendía polo lateral esquerdo cuns límites moi definidos. En canto ás manchas vermellas diferenciábanse unhas claras, que penetraran no material, e outras máis intensas en superficie: a visualización baixo binocular dunha mostra destas últimas permitiu identificar fibras de madeira adheridas por unha sustancia da cor citada. Na base as manchas por óxido distribuíanse de forma



DETALLE DA PRESENZA DE ALGAS



DETALLE DA ACCIÓN DO BIOCIDA

puntual e sen restos dos produtos de corrosión, e na área do *foculus* aparecen ben delimitadas dúas manchas mareas, unha gris clara e outras máis escuras, onde se atoparon restos de partículas de carbón.

En relación o tratamento levado a cabo, este baseouse na limpeza dos diferentes restos acumulados e a paralización da actividade biolóxica, principais problemas da peza. Previamente efectuáronse probas de resistencia do material á limpeza en seco, con cepillos de dureza variable, e en húmido con cepillo de dureza media, e á actuación con disolventes (auga desionizada e alcohol etílico), sendo positivo o resultado en todos os casos.

Os tratamentos executáronse en dúas fases xa que as dimensións da peza impedían a súa fácil manipulación. Foi apoiada sobre unha das caras para comezar coa limpeza e unha vez rematado o tratamento volteouse a peza deixando libre a cara que servira de apoio para continuar o proceso.

A limpeza de toda a superficie efectuouse fundamentalmente en seco, con cepillos de diferentes durezas adaptados á resistencia do material e dos depósitos, con hisopos de madeira para debilitar as capas máis grosas na base, e apoiada con aspiración de potencia controlada en todo o proceso. Na base, onde esta metodoloxía resultaba lenta e pouco efectiva, foi aplicada mediante pulverización, unha disolución ó 1% de cloruro de benzalconio cunhas gotas de tensoactivo en auga desionizada, coa finalidade de favorecer a descohesión dos restos, evitar a proliferación de biodeterioro e facilitar o tratamento anterior; a aplicación repetiuse dúas veces, pero os resultados seguían a ser insuficientes polo que se pasou á limpeza en húmido. Daquela, aplicouse por pulverización a mesma disolución anterior e cepillouse a zona cun cepillo de dureza media desfacendo as concrecións terrosas. Unha vez rematado e seca a superficie aspirouse novamente toda a peza.

As manchas vermellas máis intensas elimináronse con hisopos embebidos en auga desionizada e alcohol etílico. Tamén, de forma puntual en zonas con restos de terra moi adheridos, foron aplicados estes disolventes para eliminar os depósitos.

Unha vez limpa a peza aplicouse o biocida para frear a actividade biolóxica: unha disolución de cloruro de benzalconio ó 2% en auga desionizada por pulverización en toda a superficie. Logo de oito días observouse un claro descenso na intensidade de cor das algas. Transcorridos 15 días encomezouse unha nova limpeza superficial, cepillouse e aspirouse a superficie eliminando os restos de axentes biolóxicos e substrato adherido ós mesmos. No caso do musgo a limpeza reforzouse mediante hisopo de madeira e instrumental de dentista. Unha vez transcorrido o tempo de actuación preciso o biocida foi neutralizado con aplicacións de auga desionizada por pulverización, removido mediante un tecido absorbente.

Para a eliminación na cara do *foculus* da concreción de cemento empregouse o microtorno con moas de óxido de aluminio de dous tamaños adaptados.

Unha vez rematado todo o proceso aplicouse unha nova pulverización do mesmo biocida, en igual concentración, para evitar a proliferación de actividade biolóxica dado o amplo rango de condicións medioambientais nas que esta se pode desenvolver.